

Editorial



De novo o noso Superequipo de Redacción: Iria, Alex, Sabela, Sara, Sonia, Yai-za, Laura, Xulia, Carmela, Tania, Reyes, Lorena e Eva. Falta Tania Pernas. Con xente tan boa como esta resulta fácil facer o Xornalouro.

Ola, compañeiros. Despois de tres meses de vacacións volvemos comezar un novo curso e tamén comezamos outra vez a traballar no Xornalouro. Neste número 31 do Xornalouro poderedes atopar diversos contidos que o noso Equipo de Redacción estivo a facer durante os dous últimos trimestres do pasado curso, e tamén durante o verán, porque nesta revista, por primeira vez na nosa historia, tamén traballamos en vacacións, que xa é difícil. Non vos parece?

Comezamos con novidades en portada, na cal aparece un grupo de rapaces de 1º que gañaron o premio provincial do concurso da ONCE. Como poderedes apreciar, rapaces do noso centro que seguen a triunfar polo mundo adiante. Hai que felicitalos, dende logo.

Seguimos coas dúas entrevistas que sempre facemos. Unha delas fíxoselle a Sonia Vizoso, a perruqueira de Bacoí. Lito, construtor do Valadouro, foi o noso segundo entrevistado. Tanto un como o outro contáronos moitas cousas das súas respectivas ocupacións.

Neste Número 31 realizamos unha enquisa sobre o teatro e o cine no noso Val, dúas facetas artísticas que están a se popularizar por toda a zona, incluíndo tamén o noso Instituto, no que temos xa hai anos grupo de teatro e no que xa valos pola rodaxe da nosa terceira película. Cal será a opinión de todos vós ante este tema?

Poñerémosvos ó día sobre as últimas novidades do Val e do Instituto no apartado das noticias, imprescindible no noso xornal, como todo bo xornal que se prece, pois os xornais están para informar.

Publicamos tamén dúas investigacións. A primeira foi feita por Lucía Leal, Daniel Iglesias e Vanesa Neves sobre as festas do Val. A outra levárona a cabo Elena García e Tania Pernas, falándonos sobre a Cruz do Pao da Vella.

Poderedes ler tamén algúns dos escritos premiados no certame literario *Trulasqui*, de Alfoz, co gallo do Día das Letras Galegas.

Tamén vos ofrecemos un novo apartado de música, cine e televisión; quen será o gañador en cada unha das nosas listas? Teremos tamén o apartado da arte con debuxos feitos por vós.

Volveremos o tempo atrás coas Lembranzas do Xornalouro, nas que aparecerán antigos alumnos, antigos profesores... Quen sabe?

Xa polas últimas páxinas están os tests de gustos feitos por algúns alumnos e profesores que o noso Equipo de Redacción escolleu.

E para rematar, a Crítica Construtiva, na cal se intentan atender as vosas demandas, porque coñecendo os fallos é máis fácil corrixilos.

Na contraportada fálase dos cambios na Dirección do Centro, situando a Gonzalo Alonso como novo Director do Instituto.

Que máis se pode pedir do noso xornal, se ten de todo? Esperemos que disfrutedes do contido deste número de Xornalouro. E recordade que vós poderedes contribuír no Xornalouro uníndovos ó noso Equipo de Redacción para o vindeiro curso. É divertido e entre todos construímos cultura.

Un saúdo.

SUMARIO

Editorial	1.
Entrevista: Sonia Vizoso	2.
Noticias do Val	5.
Enquisa: teatro e cine	9.
A Cruz do Pau da Vella	14.
Colaboracións	16.
Entrevista: Lito	25.
Festividades do Valadouro	29.
Noticias do IES Alfoz-Valadouro	32.
Premios literarios	42.
Música, cine e televisión	43.
Arte	46.
Deportes	49.
Lembranzas de Xornalouro	51.
Test de gustos	52.
Crítica Construtiva	54.
Pasatempos	54.